

PEZA DO MES

abril

2018



SIGILLATA SUDGÁLICA DECORADA
CONXUNTO ARQUEOLÓXICO-NATURAL DE SANTOMÉ

Sigillata sudgálica decorada. **Conxunto arqueolóxico-natural de Santomé**

Contexto arqueolóxico: As primeiras noticias deste xacemento débense a Manuel Blanco Guerra, quen levou a cabo unha serie de catas arqueolóxicas no castro durante o período comprendido entre 1969 e 1974. A partir de 1983, comezaron a realizarse escavacións sistemáticas no contexto das liñas de actuación do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense. O achado deste fragmento de *terra sigillata sudgálica* produciuse na campaña arqueolóxica de 1988 e corresponde á etapa alto-imperial dun poboado galaicorromano que coincide parcialmente no tempo coa ocupación do castro o dito poboado xorde *grosso modo* a mediados do século I d. C. e abandónase a mediados do século II d. C.

Descrición: A peza corresponde a un fragmento de cunca que posúe a cor vermella brillante característica das producións sudgálicas, conseguida polo seu engobe «sinterizado», e conserva unha altura de 8,5 cm, unha largura máxima de 5,4 cm e un grosor de 0,5 cm. Dende o punto de vista formal, seguindo a tipoloxía de H. Dragendoff, correspóndese co número 30 (TSG Drag. 30) e polas súas características pódese determinar que procede do obradoiro de *La Graufesenque*. As importacións deste alfar galo son maioritarias na Península Ibérica e chegan a alcanzar o 80% da produción gálica atopada. Esta cunca caracterízase pola súa forma cilíndrica cunha parede recta, un labio vertical co seu bordo liso redondeado e un pé anular cun gran diámetro. A parede únese ao fondo cóncavo formando unha carena. Os exemplares máis tardíos poden aparecer lixeiramente exvasados.

Esta peza posúe unha decoración realizada a molde. Aínda que non se dispoña da cunca completa, pódese deducir que a escena principal elaborouse desenvolvendo un friso cunha ornamentación compartimentada («estilo de metopas») e constaría de varias imaxes mostrando loitas de gladiadores separadas por liñas perladas. Entre o bordo e a parte superior do friso apréciase a característica decoración consistente nunha cenefa de ovas e, por debaixo, unha serie de círculos concéntricos. A escena de loita representada correspóndese co enfrontamento de dous tipos de gladiadores. No lado esquerdo, figura un *murmillo*, que vai armado cun casco cristado (*cassis*), un escudo rectangular grande (*scutum*), unha greba metálica na súa perna esquerda (*ocrea*) e unha espada curta e recta (*gladius*). Á dereita, identifícase a un tracio (*thraex*), con casco, un escudo rectangular pequeno (*parmula*), unha greba en cada perna, unha espada curta e curva (*sica*) e unha protección no

antebrazo (*manica*). Ambos loitadores presentan o seu torso espido e visten un sinxelo taparrabos (*subligaculum*) suxeitado cun cinto (*balteus*). Aos pés dos combatentes distínguense un cánido correndo cara á dereita.

Este tipo de recipientes formaba parte das vaixelas finas de mesa e empregábanse para beber, incluíndose na categoría dos *vasa potoria*. En certos casos, como os descubertos en Saint-Marcel (Indre, Francia) ou Belchite (Zaragoza), empregáronse como urnas cinerarias. Esta forma cerámica ten o seu equivalente nos produtos que forman parte da vaixela de vidro. En concreto, a cunca Morin-Jean 83 vén ser unha imitación da TSG Drag. 30. A demanda de TSG Drag. 30 comeza a decaer na época Flavia como consecuencia da aparición da *Terra Sigillata Hispánica*.

Paralelos: Aínda que esta forma aparece con frecuencia na Península Ibérica, as pezas decoradas con escenas mostrando combates entre gladiadores non abundan entre o material arqueolóxico publicado. Cuncas procedentes do S. da Galia da mesma tipoloxía e decorados con loitas gladiatorias téñense recuperado no cerro de *San Juan del Viso* (Villalbilla, Madrid), na necrópole da Serretilla (Belchite, Zaragoza), en Calahorra (A Rioxa) ou en *Conimbriga* (Portugal).

Os espectáculos no mundo romano: A pesar da variedade de espectáculos cos que desfrutaban os romanos (escenificacións teatrais, cacerías, loitas de gladiadores ou representacións de batallas navais) os xogos gladiatorios eran os preferidos do pobo; ata tal extremo que, segundo nos conta Cicerón no ano 164 a. C., os espectadores abandonaron o teatro no que se representaba a obra *Hecyra* de Terencio para asistir ao comezo dun combate entre gladiadores.

A situación nas bancadas dos asistentes aos espectáculos amosa con claridade a estratificación da sociedade romana. Isto apréciase moi ben nos anfiteatros. Canto maior era o rango dos persoeiros, a súa proximidade á area e a calidade dos seus asentos era mellor. Os individuos das clases máis elevadas sentábanse nas primeiras filas da bancada, as máis próximas ao escenario do combate. As súas localidades estaban reservadas e identificábanse polo material da súa construción, mármore, e por unha serie de letras. Con frecuencia as localidades estaban cubertas por un toldo (*velum*) que cumpría unha dobre función: por un lado, impedir a acción cegadora do sol e, deste xeito, poder visualizar mellor os espectáculos, e, por outro, resgardarse das inclemencias do tempo. Á hora de asistir a calquera acontecemento, a súa presenza valorábase moito, como se pode constatar nos carteis pintados nas paredes das cidades –como en Pompeia– que

anunciaban os espectáculos. O emperador e o seu séquito dispuñan dun lugar privilexiado no anfiteatro: un palco (*podium*).

Os combates de gladiadores (*munera gladiatoria*):

As orixes dos combates entre gladiadores están vinculados a rituais de carácter funerario cunha orixe campana ou etrusca. Este rito consistiu primeiro no sacrificio de guerreiros para honrar a memoria dos propios combatentes caídos no combate para, co paso do tempo, converterse en loitas entre gladiadores asociadas aos funerais de homes ilustres. Despois dun longo proceso evolutivo e de perder esa connotación funeraria, en época imperial Augusto promulgou un decreto mediante o que se regulaban os espectáculos celebrados no anfiteatro e se establecían os horarios pertinentes. Pola mañá, a sesión iniciábase coa cacería de animais (*venatio*); a continuación, tiñan lugar os xogos do mediodía (*ludi meridiani*) –era o momento con menor afluencia de público, entre os cales sobresaían as execucións dos condenados a morte pola espada (*damnati ad gladium*) ou por medio de animais (*damnati ad bestias*). En horario de tarde e coas bancadas abarrotadas –entre 58.000 e 87.000 espectadores se estima que podía acoller o Coliseo romano–, producíase a máxima atracción do anfiteatro e o verdadeiro *munus*: os combates de gladiadores. No ano 109, Traxano chegou a ofrecer un *munus* durante 117 días consecutivos, período durante o que loitaron 4.912 parellas de gladiadores. Estes pelexaban como verdadeiros profesionais do combate ao mesmo tempo que exercían unha profesión considerada como infame na sociedade; no entanto, gozaban do favor da plebe. As exhibicións de destreza, forza e resistencia mostrada polos participantes non sempre finalizaban coa morte do vencido. Os combates celebrábanse por parellas de gladiadores de diferentes armas ou por grupos. Os individuos destinados aos xogos gladiatorios recrutábanse entre prisioneiros de guerra, escravos, desertores e condenados a morte, aínda que, en ocasións, tamén figuraban cidadáns libres por iniciativa propia.

Entre as estrelas do anfiteatro destacaban gladiadores como Flamma, falecido á idade de 30 anos, tras participar en 34 combates, nos que obtivo 21 vitorias, 9 empates e 4 derrotas, ou Celadus polo que suspiraban as rapaciñas da época, como podemos ler nun grafito pompeiano. Aínda que a maioría dos gladiadores pertencían ao xénero masculino, debe recalcar que as mulleres tamén participaban como gladiadoras, o que sabemos grazas a testemuñas como un relevo procedente de Halicarnaso (Turquía) conservado no *British Museum* e no que se representa un enfrontamento entre dúas féminas chamadas Amazona e Achilla.

Os vencedores dos combates recibían diferentes tipos de premios (palmas, cartos, xoias, armas, etc.) e, ás veces, concedíase-lle a *rudis*, unha espada de madeira que indicaba o retiro do gladiador e a súa reintegración na sociedade como home libre.

Con motivo da celebración destes espectáculos tamén podían facer a súa aparición as rivalidades existentes entre os habitantes de diferentes poboacións, como o pon de manifesto Tácito: «... e a partir dunha disputa sen importancia se produciu unha terrible matanza entre colonos de Nuocera e de Pompeia, no transcurso duns xogos de gladiadores ofrecidos por Livineyo Régulo...». Ademais da testemuña do escritor, tamén contamos cunha representación pictórica mural deste acontecemento que decoraba unha casa de Pompeia e na actualidade se expón no *Museo Archeologico Nazionale de Nápoles*. O violento episodio tivo tal repercusión que o Senado ordenou a prohibición de celebrar combates gladiatorios na cidade pompeiana durante un período de dez anos.

Estes espectáculos sufragábanos mecenas inmersos na carreira política ou os propios emperadores. A pesar de gozar dunha inmensa popularidade durante toda a época imperial, os xogos de gladiadores sostiveron unha dura competencia coas carreiras de cabalos que tiñan lugar no circo. Estas tamén posuían a súa dose de violencia e resultaban, a miúdo, accidentadas, o que suscitaba o apaixonamento dos espectadores.

Os combates de gladiadores celebráronse por todo o Imperio romano e, a pesar de intentar suprimirse tras a adopción oficial do cristianismo, no ano 434 cuñouse un medallón de Valentiniano III coa representación dunha escena de *munus*. A paixón polos combates gladiatorios vese reflectida nos obxectos da vida cotiá onde aparecen representados: vaixela de mesa, lucernas, entalles de anel, mangos de navalla, figuras de terracota, cantimploras, fíbulas, píxides, etc. Por outro lado, non nos podemos esquecer das representacións destes personaxes en mosaicos como os de Bad Kreuznach (Alemaña) ou Zliten (Libia).

Cronoloxía: Atendendo á súa tipoloxía e ao contexto arqueolóxico do xacemento, esta peza pode datarse nalgún momento entre os reinados dos emperadores Claudio e Nerón (41-68 d.C.). Para R. Knorr, a ornamentación consistente en combates de gladiadores fai a súa aparición na TSG Drag. 30 en época de Nerón; polo tanto, se se acepta a súa tese, o fragmento estudado podería datarse en época neroniana.

Lugar de conservación: Este fragmento pertence aos fondos do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense (nº de inventario DX0012/55).



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do ex-convento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 230 430

O horario de visita:

martes a sábado: 9.00 a 22.00 h ininterrompido

domingo: 9.00 a 15.00 h

luns pechado

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n, (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.30 ás 14.30 h e das 16.00 ás 20.30 h

www.musarqourense.xunta.es

mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense


TEXTO: Tomás Vega Avelaira

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río

MAQUETA: Araceli Gallego

ISSN: 1579-9956

Museo Arqueolóxico 



 XUNTA DE GALICIA